

ORIXE E FORMACIÓN DO FEUDALISMO

O **feudalismo** foi a forma de organización política, económica e social dominante en **Europa** entre os séculos IX e XV.

Xurdiu pola **inseguridade** da época (desaparición do Imperio carolinxio e “segundas invasións”, normandos polo norte, musulmáns polo sur e maxiars e eslavos polo leste), que fixo que os reis, incapaces de garantir a seguridade do reino, lles encargasen a defensa de extensos territorios aos nobres. Os campesiños, pola súa banda, buscaron a protección dos nobres, pasando a depender destes. Creáronse así **relacións de dependencia**: as relacións feudo-vasaláticas e as relacións de dependencia señorial.

As **relacións feudo-vasaláticas** eran pactos de axuda militar entre o rei e os grandes nobres, e entre estes e outros nobres de menor rango. Mediante estas relacións, un home convertíase en **vasalo** doutro, denominado señor. O vasalo comprometéase a prestarlle **axuda militar e consello** (auxilium et consilium) ao señor.

O **señor** a cambio concedíalle un **feudo**, xeralmente unha grande extensión de terra e o dereito de gobernala, impartir xustiza e cobrarlles impostos aos seus habitantes.

As **relacións de dependencia señorial** establecíanse entre os campesiños e os señores. Os campesiños, a cambio de **protección**, entregábanlle as súas terras ao señor e traballaban para el. O señor cobráballes **rendas** e tiña sobre eles dereitos, como ditar ordes e administrar xustiza.

1. Indica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras (V) e falsas (F):

- a) O feudalismo foi a forma de organización política, económica e social dominante en Europa entre os séculos IX e XV.
- b) A inseguridade provocada polas invasións de normandos, musulmáns e eslavos xunto coa debilidade do rei para defender os territorios do seu reino son algunhas das causas que explican o xurdimento do feudalismo.
- c) O feudalismo baséase na relación de dependencia persoal entre o rei e os grandes nobres, denominada servidume, e na relación de dependencia entre os campesiños e os señores, denominada vasalaxe ou feudo-vasalática.
- d) O vasalo debía prestarlle axuda militar e consello ao señor a cambio dun feudo.
- e) Os campesiños traballaban para o señor e pagábanlle rendas a cambio dun feudo.

A ORGANIZACIÓN FEUDAL

- Organización política

A forma de goberno era a **monarquía feudal**. Nela, os reis tiñan un escaso poder pois os nobres e eclesiásticos gobernaban os seus territorios con independencia do rei. Os reis axudáronse para gobernar da **Curia Rexia**, unha asemblea de nobres e eclesiásticos que os asesoraban nos principais asuntos.

- Organización económica feudal

A economía feudal era esencialmente **agraria**. Baseábase nos **feudos** ou señoríos, que tiña **dúas partes**: a reserva señorial e os mansos. A **reserva señorial** era o territorio explotado directamente para o señor por servos e campesiños do feudo. Incluía a residencia señorial e as mellores terras de labradío, pastos e bosques. Os **mansos** eran pequenas parcelas cedidas polo señor aos campesiños, a cambio do pagamento de rendas e a realización de diversos traballos.

Os señoríos eran **autosuficientes**. Neles cultivábase a terra e fabricábase todo o necesario, como alimentos, ferramentas ou roupas. O **comercio** era moi **escaso**, e as técnicas de labranza eran moi rudimentarias, polo que se obtían baixos rendementos.

- Organización social feudal

A sociedade feudal dividíase en **tres estamentos** ou grupos sociais pechados aos que se pertencía por nacemento: a nobreza, o clero e o campesiñado. A **nobreza** defendía a sociedade, o **clero** rezaba pola salvación desta, e o **campesiñado** traballaba para mantela. Clero e nobreza eran estamentos **privilexiados**, pois non traballaban, non pagaban impostos e exercían certos cargos en exclusiva.

A sociedade feudal quedaba organizada nunha **pirámide social**: no cume atopábase O rei, seguido dos grandes nobres e o alto clero, a baixa nobreza e o baixo clero e, finalmente, os campesiños.

2. Completa as seguintes frases:

- A forma de goberno do feudalismo era unha _____ na que o rei tiña poder.
- A economía feudal era esencialmente _____ e baseábase na explotación dos _____ ou _____ que eran _____ xa que producían todo o necesario, como alimentos, ferramentas ou roupas.
- A _____ era a parte do feudo coas mellores terras que eran explotadas directamente para o _____ por servos e campesiños.
- Os _____ eran pequenas _____ de terra cedidas polo señor aos campesiños a cambio do pagamento de _____.
- A sociedade feudal organizábase en tres _____, dos que a nobreza e o clero eran _____, pois non traballaban nin pagaban impostos e ocupaban cargos.

3. Arrastra os seguintes termos no recadro que corresponda:

	ORGANIZACIÓN POLÍTICA	ORGANIZACIÓN ECONÓMICA	ORGANIZACIÓN SOCIAL
Estamentos			
Reserva señorial			
Rei			
Mansos			
Curia Rexia			
Nobreza			
Clero			
Campesiñado			
Monarquía feudal			
Autosuficiente			
Privilexiados.			
Agraria.			

COMO VIVÍAN OS NOBRES

A nobreza era un grupo reducido de persoas. Estaba dividida en **alta nobreza** (condes, duques, marqueses) e **baixa nobreza** (nobres de menor rango e cabaleiros). Os nobres eran un **grupo privilexiado** porque non pagaba impostos e ocupaba os principais cargos políticos e militares. Estaban encargados de **defender a sociedade**. De mozos eran adestrados no exercicio das armas e en tempos de guerra debían presentarse ante o rei, acompañados das súas tropas ou mesnadas. As **damas nobres** debíanlle total obediencia ao marido e dedicábanse a dirixir os serventes, educar os fillos, rezar e bordar. As que quedaban solteiras soían ingresar en mosteiros. Os nobres residían no **castelo**, que estaba defendido por un foso e sólidas murallas. A parte principal era a **torre da homenaxe**, onde residían o señor e a súa familia. Ademais os castelos tiñan pozo, cortes e talleres. A **alimentación** da nobreza era mellor que a dos outros grupos sociais, pois consumía máis carne. A súa indumentaria caracterizábase pola calidade e o colorido das teas, e a riqueza dos adornos. As diversións eran escasas, destacando os **torneos**, combates a cabalo entre cabaleiros.

4. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- a) A principal ocupación dos mozos nobres era o adestramento no exercicio das armas.
- b) A nobreza comía e vestía mellor que o campesiñado.
- c) A torre do homenaxe era a parte principal do castelo, na que se atopaba a residencia do señor e a súa familia .
- d) As damas nobres eran moi independentes dos seus maridos e non se ocupaban de tarefas domésticas.
- e) A nobreza era unha minoría privilexiada.
- f) O grupo máis poderoso era a baixa nobreza, formada polos vasallos directos do rei como duques, condes e marqueses.

COMO VIVÍA O CLERO

O clero dedicábase á oración. Estaba formado polo **alto clero** (arcebispos, bispos e abades) e o **baixo clero** (sacerdotes, monxes e monxas), que vivía máis humildemente.

A **igreja** desempeñou un **importante papel**: aconsellaba os reis e arbitraba nas súas disputas, posuía grandes feudos, cobraba rendas como o **décimo** (décima parte de todas as colleitas) e recibía doazóns, tamén tiña **grande influencia social**, pois estaba presente nos momentos máis importantes da vida das persoas (bautismo, matrimonio, enterro), ademais dirixía o ensino e asistía a pobres, enfermos e desvalidos. As campás das igrexas eran a referencia para medir o tempo.

A vida do clero variaba segundo fose secular ou regular. O **clero secular**, formado por bispos e sacerdotes, vivía entre os laicos e non estaba sometido a unha regra. O **clero regular**, formado por monxas e monxes, en cambio, vivía nun mosteiro. Os **mosteiros** situábanse no campo, e, neles, monxes e monxas levaban unha vida regulada pola regra da orde. A máis importante foi a dos **benedictinos**, fundada por San Bieito de Nursia no século VI, cuxo lema era “ora et labora” (rezar e traballar). Os mosteiros, ademais, tiñan extensas terras, servos que as traballaban, talleres, etc., e eran **centros de cultura** con escola, biblioteca e *scriptorium* no que se copiaban os códices antigos.

5. Relaciona con frechas os termos das dúas columnas.

Alto clero	Vivía entre os laicos
Cobramento de rendas	Orde beneditina
Sometido a unha regra	Sacerdotes e monxes
San Bieito de Nursia	Centros de cultura
Clero secular	Clero regular
Mosteiros	Arcebispos, bispos e abades
Baixo clero	Décimo

6. Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- a) Todo o clero tiña o mesmo nivel socioeconómico.
- b) A igrexa apenas tiña influencia social e cultural na Idade Media.
- c) Os sacerdotes vivían sometidos a unha regra ou norma.
- d) A igrexa cobraba o décimo ou décima parte de todas as colleitas.
- e) O clero secular vivía habitualmente nos castelos.

COMO VIVÍA O CAMPESIÑADO

O campesiñado formaba a maior parte da sociedade. Estaba formado por **viláns** (campesiños libres ou alodiais), e por **servos** (que non podían abandonar o feudo).

A vida do campesiñado **era moi dura**. Traballábase de sol a sol, pero **os rendementos agrícolas eran baixos** porque empregaban ferramentas e técnicas rudimentarias como deixar cada ano a metade da terra en **barbeito** (sistema de ano e vez), tiñan que pagarlles impostos ao seu señor e á igrexa, e traballar gratuitamente a reserva señorial. As **mulleres** participaban nas tarefas agrarias e encargábanse, ademais, das tarefas domésticas, do coidado dos fillos, da horta e das aves de curral.

A **mortalidade era elevada**, debido ás enfermidades, á falta de hixiene e de medicamentos e ás malas colleitas.

Os campesiños vivían en **aldeas**, e as súas vivendas eran humildes, normalmente cunha soa estancia e con escaso mobiliario.

A **alimentación** era escasa e pouco variada, principalmente a base de pan e legumes sen apenas carne (só en días sinalados). As diversións populares eran principalmente as conmemoracións relixiosas ou acontecementos especiais como vodas ou vitorias militares.

7. Completa as frases seguintes:

- a) Os _____ eran os campesiños libres mentres que os _____ non podían abandonar o feudo sen o permiso do señor.
- b) O campesiñado traballaba de _____ pero os rendementos agrícolas eran _____ pois a metade da terra deixábase en _____.
- c) O campesiñado vivía en _____ e as súas vivendas eran _____.
- d) A alimentación era _____ e pouco variada, principalmente a base de _____ e legumes e moi pouca _____.
- e) A mortalidade era _____ debido ás _____, á falta de hixiene e de medicamentos e ás malas _____.

8. Coloca os seguintes conceptos coa definición que lle corresponda:

Feudo Vasalaxe Servo Barbeito Décimo

- a) Relación de dependencia entre o señor e o vasalo.
- b) Campesiño que estaba vinculado á terra e non podía abandonala.
- c) Parte da terra que se deixa sen cultivar para que se rexenere.
- d) Tributo que cobraba a igrexa do campesiñado.
- e) Dominio territorial dos nobres dividido en reserva señorial e mansos.

Completa o esquema da unidade:

